



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ” E O CONCELLO DE BRIÓN

REUNIDOS:

Dunha parte D^a. Maite Isla Avión, con DNI nº 35.544.300-P, en calidade de Presidenta da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, co CIF- G-15924558, e doutra parte D./D^a Pablo Lago Sanmartín, en calidade de Alcalde-Presidente en funcións do Excmo.Concello de Brión, INTERVEÑEN en nome e representación das súas respectivas Institucións e recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse a subscribir o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN entre ambas entidades.

EXPOÑEN:

O programa “Vacacións en Paz” preséntase nun marco de solidariedade e axuda desinteresada co fin de propiciarlles unha estancia agradable e humanamente rica aos nenos e nenas Saharauís. Este programa dá a coñecer formas distintas de vida, de maneira que iso contribúa, non so na súa formación, senón tamén en mellorar e potenciar a comunicación e o entendemento entre a sociedade galega e o pobo saharauí.

Os obxectivos específicos do programa “Vacacións en Paz” serán:

1. Reivindicar o dereito dos nenos e nenas saharauís a vivir no Sáhara Occidental e poñer de manifesto a situación na que actualmente viven.
2. Facilitar asistencia médica e de alimentación.
3. Promover, entre a sociedade galega, os valores de tolerancia e solidariedade facilitando así a convivencia e integración de todas as persoas na comunidade.

4. Perfeccionar a aprendizaxe da lingua castelán e galega aos nenos e nenas que participan no programa, xa que forman parte dos curriculos nos seus programas escolares.
5. Respetar o marco legal dos dereitos dos menores, tendo en conta que xa teñen a súa familia no seu país coa que teñen que volver ao remate das vacacións.
6. Garantir o regreso ao seu país coas súas familias.
7. Ofertar unha alternativa de ocio e tempo libre saudables.
8. Evitar a súa estancia nos campamentos durante os meses de xullo e agosto por teren as temperaturas máis altas (máis de 50º á sombra).

Tendo en conta:

PRIMEIRO: Que o presente Convenio ten por obxecto regular o desenvolvemento do “Programa Vacacións en Paz” no Concello BRIÓN durante os dous meses do verán de 2024 (xullo e agosto) nos que nenos/as do Pobo Saharauí estarán acollidos neste Concello.

SEGUNDO: Que o Concello de BRIÓN se compromete a realizar o aporte económico para sufragar os billetes de avión dos menores que serán acollidos no Concello.

TERCEIRO: Que a asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, se compromete a realizar un seguimento exhaustivo dos proxectos de acollemento conxuntamente coa Delegación Saharauí para Galicia para que todos os compromisos se cumpran.

ACORDAN:

PRIMEIRO: Establecer o presente Convenio de colaboración entre o Concello de BRIÓN e a asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, en orde a unha mellor coordinación dos programas presentes e futuros a desenvolver.



SEGUNDO: Manter entre si un fluído intercambio de información en todos aqueles aspectos que sexan relevantes.

TERCEIRO: Orientar o ámbeto da colaboración preferentemente de cara aos seguintes campos de actuación:

- Apoiar o programa “Vacacións en Paz” 2024 no Concello de BRIÓN, evitando con esta viaxe que as nenas e nenos permanezan durante os meses de calor de xullo e agosto nos campamentos con temperaturas de ata 50º.
- Facilitar asistencia médica e de alimentación aos menores acollidos ao través das familias acolledoras
- Colaborar economicamente para sufragar o coste das pasaxes dos nenos e nenas acollidos no Concello.

CUARTO: Aboar por parte do Concello de Brión en concepto de colaboración económica, o custe das pasaxes Tindouf-Santiago-Santiago-Tindouf, de dous menores, por un total máximo de 1.780'00 € (890'00 € por menor).

O ingreso faráse efectivo na conta de ABANCA ES40 2080 5056 13 3040034374, unha vez se asine por ambas partes o presente convenio.

QUINTO: O investimento da aportación municipal xustificarase por parte da Asociación unha vez rematado o programa, sempre antes do día 31 de setembro de 2024, mediante a presentación de:

- A correspondente factura de gastos
- As certificacións acreditativas de estar ao corrente no pago das obrigas tributarias e coa Seguridade Social
- Informe-Memoria dos Servizos Sociais Municipais, que conteña a avaliación xeral de resultados do programa.

En proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan este convenio por duplicado no lugar e data que expresan.

Asdo.: Maite Isla Avi3n
Presidenta de SOGAPS

Asdo.: Pablo Lago Sanmart3n
Alcalde-Presidente do Concello de Br